



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G010/000005
Sesión núm. 4/2020

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en consonancia co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma polo Goberno de España para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as medidas sanitarias en vigor,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar de forma telemática nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

| | |
|---|---|
| Sesión de: Pleno | Data da sesión: 28 de maio do 2020 |
| Convocatoria: Telemática ordinaria | Hora: 20.00 |
| | Lugar: Casa do Concello e telemática |

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación de actas.
- 2º.- Recoñecemento de compatibilidade á concelleira Ana Paola Mondaca González.
- 3º.- Recoñecemento de compatibilidade á concelleira María Luísa Rúa Prieto.
- 4º.- Modificación de crédito 08/20. Crédito extraordinario 02/2020.
- 5º.- POS+2020 POS+ adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 (asignación: 45.960,29 €).
- 6º.- POS+2020 adicional 2 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostible (asignación: 172.351,08 €).
- 7º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 21 de febreiro (núm. 327) ata o 22 de maio do 2020 (núm. 1.114).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos srs. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, así como que se lles remitirá o enlace ao correo electrónico para participar na sesión media hora antes da celebración, de acordo cos métodos practicados nestes días.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, M^a del Carmen Seoane Bouzas, o 25 de maio do 2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).